

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E FINANCIERA MADERERA, S.A. (FINSA) PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS E DE DIVULGACIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS

ANTECEDENTES E CONTEXTO

A Consellería do Medio Rural, conforme ao disposto no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

De acordo coa Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as competencias da Xunta de Galicia en materia de incendios forestais serán exercidas polo Consello da Xunta e pola consellería competente en materia forestal. Así mesmo, correspóndelle á Xunta de Galicia elaborar o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA) e á consellería competente en materia forestal exercer estas competencias.

A prevención e defensa fronte aos incendios forestais constitúe unha actuación de interese xeral e de especial relevancia social, ao incidir directamente na protección do medio rural galego e na seguridade das persoas e dos núcleos de poboación, especialmente en contornas de poboamento disperso e nas zonas de interface entre o uso forestal e os asentamentos. A consecución deste obxectivo require unha actuación integral, planificada e coordinada, coa participación dos distintos axentes que operan no territorio e, de maneira destacada, das persoas titulares e xestoras de terreos forestais, así como do persoal que executa tarefas de xestión, mantemento e operacións forestais, incluído o persoal das empresas contratadas ou subcontratadas para a realización de traballos forestais.

FINSA desenvolve a súa actividade no sector forestal en Galicia e participa en fórmulas de colaboración que se articulan tanto sobre montes propios como a través de convenios con diversas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC), así como mediante a contratación ou subcontratación de empresas para a execución de traballos forestais. Neste marco, resulta de interese común impulsar a capacitación do persoal que desenvolve o seu labor no monte —incluído o persoal





de FINSA e o das empresas contratadas ou subcontratadas—, reforzando as boas prácticas de prevención e autoprotección e promovendo unha cultura preventiva compartida, con impacto directo na seguridade e no benestar da poboación.

NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA COLABORACIÓN

A experiencia evidencia que unha parte relevante do risco pode mitigarse mediante boas prácticas no traballo forestal, a mellora da autoprotección e a identificación temperá de situacións de perigo. Por iso, a formación dirixida ao persoal que realiza operacións forestais, mantemento e coordinación no territorio constitúe unha medida preventiva eficaz, complementaria ás actuacións públicas e coherente coa planificación anual do PLADIGA.

A colaboración con FINSA permite incrementar a capilaridade territorial e o alcance da formación, ao actuar sobre persoal con presenza efectiva nos montes xestionados e nos ámbitos nos que operan as CMVMC vinculadas a modelos de xestión compartida, así como sobre o persoal das empresas contratadas ou subcontratadas por FINSA para a execución de traballos forestais. Isto reforza o interese público da actuación, ao favorecer condicións máis seguras e preventivas no territorio, con beneficio directo para a poboación e para a eficacia do sistema público de prevención.

RELACIÓN DE ACTUACIÓNS CONCRETAS OBXECTO DE COLABORACIÓN

O convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración conxunta entre a Consellería do Medio Rural e FINSA para o deseño, organización, coordinación e desenvolvemento compartido de accións formativas e de sensibilización en materia de prevención de incendios forestais e autoprotección, no ámbito territorial de Galicia e en coherencia co PLADIGA, dirixidas ao persoal de FINSA, ao persoal das empresas contratadas ou subcontratadas por FINSA para a execución de traballos forestais e, se procede, ao persoal das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) coas que FINSA teña vixente un convenio de xestión forestal e que se adhiran ao presente convenio nos termos previstos. As accións formativas configúranse como unha actuación coordinada de interese xeral, combinando sesións presenciais en aula e prácticas presenciais en monte, que se desenvolverán en instalacións e emprazamentos acordados polas partes, baixo supervisión e de acordo coas condicións de seguridade previstas neste convenio e nos seus anexos.

Para a execución do obxecto do convenio, ambas partes comprométese a poñer en común medios e recursos propios (persoal técnico, instalacións, loxística, equipamentos e materiais necesarios para a realización das sesións), de forma coordinada e dentro das súas respectivas posibilidades.





As accións formativas e de sensibilización poderán dirixirse ao persoal de FINSA, ao persoal das empresas contratadas ou subcontratadas por FINSA para a execución de traballos forestais e, se procede, ao persoal das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) vinculadas á xestión compartida que desenvolvan funcións relacionadas con operacións forestais, xestión, mantemento, seguridade, coordinación e outras áreas vinculadas ao risco e á prevención; en función da planificación e das necesidades do servizo público e da dispoñibilidade de medios.

MEDIOS E ACHEGAS DE CADA PARTE

O convenio ten natureza de colaboración e responde a un fin común de interese público, articulándose como unha acción conxunta sen contraprestación económica entre as partes.

A colaboración baséase na posta a disposición de medios humanos e materiais necesarios para a impartición das sesións formativas e de divulgación, dentro das súas respectivas posibilidades e segundo planificación e dispoñibilidade:

- Consellería do Medio Rural: coordinación técnica, persoal técnico/docente e materiais didácticos dispoñibles no marco das actuacións públicas de prevención.
- FINSA: instalacións e medios para as sesións teóricas, apoio loxístico e acceso a emprazamentos para prácticas, así como os equipamentos de protección individual, ferramentas e materiais necesarios para o correcto desenvolvemento das prácticas formativas, en condicións de seguridade.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En atención ao exposto, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras, conforme ao artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno.

Santiago de Compostela, coa data da sinatura dixital

O director xeral de Defensa do Monte

Manuel Francisco Gutiérrez

